

A autora lusa deu unha conferencia na RAG

Correia detense na vella Grecia que non aparece nas guías

M.G.M. > A CORUÑA

■ Hélia Correia quedou prendada da cultura grega no instituto e marchou até alí con 16 para voltar en numerosas ocasións e comprobar que fóra das influencias colonizadoras procedentes de Turquía, había un pobo de pasado barullo que foi fonte inspiradora para a poesía de Sophia de Mello, de quen Hélia coñeceu o modelo democrático do país mediterráneo, ben distinto á situación que vivía daquela Portugal.

A Grecia de Correia foi onte a última das aportacións dos escritores participantes no terceiro encontro Cidade da Coruña, que este ano leva por título "Viaxe e literatura", nesa idea de levar as letras de paseo.

A escritora portuguesa falou da súa descuberta particular cando deixou a un lado as guías de viaxe que converten aos turistas en perfectos robots e achegouse ao profundo do país no que comprobou que aló no fondo permanecían intactas as formas de antes, "as referencias e maneiras de entender o

mundo". Nese aspecto, a mesma liberdade que un respira cando aterriza en territorio alleo, tena Hélia cando se inspira nunha patoloxía romántica e publica un novo libro chamado "Adoecer", no que conta a vida da musa, pintora e poetisa Elisabeth Siddal, a mesma que posou para John Millais no lenzo "Ofelia".

Correia ten pensado pasar un ano para "brincar" e buscar a motivación para escribir unha serie de aventuras sobre a Grecia antiga, adicada a esos seus amiguíños, como califica aos cativos, a quen lle resulta tan fácil escribir.

Porque, dalgún xeito, tirar da vena fantasiosa é regresar a aquela nenez e ademais o feito de que o protagonista sexa un adiñeiro grego fai que a autora volte a trazar unha viaxe imaxinaria polo país. Ela introduce aos rapaces nun círculo e lles chama amigos. Di estar cómoda relatándolle contos e pon cara rara cando se lle pregunta pola poesía.

Ocorreu que despois de editar o libro "A pequena morte", en



A escritora ten pensado publicar unha serie sobre aventuras

SUSY SUÁREZ

1986, coñeceu a escrita de Heriberto Helder, un dos poetas portugueses más orixinais e decantouse pola novela, non sen antes reconvertir o ritmo poético á prosa: "Traspuxen todas as coordenadas da poesía no xénero", e só cando un amigo cantautor me pide de un tema, eu escribo lírica.

Así que Hélia prometeulle ao artista Janita Salomé un poema musicado á volta desta viaxe por Galicia que serviu para levar aos coruñeses pola vella Grecia e a veciña Portugal, nun apartado que proseguirá cos autores Alberto Manguel e Xavier P. Do campo, os días 11 e 19 de maio.